



Edición xestionada
por [Xabier
Paradelo](#)

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

HISTORIAS DA LIÑA
AZUL

Un [recanto literario
para participar](#). Non
perdas o convoi.

SUMARIO DE XERFA

Aquí podes
consultar todos os
artigos publicados
até o momento no
[Sumario](#)

ITINERARIO LITERARIO

Un [itinerario
literario](#) por
Barcelona a partir
de textos galegos
ligados á cidade.

A MAN

A [información
precisa](#) precisa
para ter á vista:
Entidades Galegas
en Cataluña.

ESTUDAR GALEGO

[Estudar galego en
Barcelona](#)

SUMARIO DE XERFA

Carlos Núñez e Agustín Fernández Paz na actualidade cultural de Cataluña e Valencia

[28/12/2005 09:07] Por aquilo de que para distinguir cómpre singularizar, a miúdo as nacións e as culturas se figuran con corpo e cara de xente. Tamén podemos ler na actualidade cultural abundando nesa estratexia, e podemos dicir que desde o mes decembro Galicia por aquí resúmese nun músico e mais un escritor: Carlos Núñez, cun concerto, e Agustín Fernández Paz, traducido unha vez máis por Bromera. Unha de cal e outra de area. Por **Helena González**.



Informou Vieiros Barcelona puntualmente de que Carlos Núñez ía abrir o Festival del Mil·leni, onde han actuar entre outros Enrique Morente (xa postos... aproveito: se aínda non oíron o último disco do granadino, *Sueña la Alhambra*, fagan por poder, que poucas veces se sente marabilla igual; xa verán con que xenio e naturalidade canta versos difíciles de María Zambrano enxertados nunha copla popular... case o mesmo procedemento de Rosalía de Castro en *Cantares gallegos*). Pois iso, tiñamos a información, pero non sabiamos que todos os suplementos e as páxinas dos xornais se ían encher coa figura do gaiteiro, que abría a porta grande dun festival importante. A cousa non quedou nos moitos retratos promocionais. Houbo varias novas aqueles días que salientaban as dotes artísticas do vigués e escribiuse aquilo de que se trataba do "John Coltrane galego". Pero non houbo unanimidade. A única crónica que lin despois do concerto foi a de Donat Putx, para *La Vanguardia* (23/12/2005), titulada, con bastante (mala) intención "¿Y cómo es él?", que xa saben que iso soa a Perales e subidón diabético-musical. Con ese limiar non cumpría xa pasar para adentro. Na crítica falábase da "clamorosa falta de ideas que amosou en Barcelona", e de efectismo, sobreactuación, concesións para a galería e outras polo estilo. Non estiven no concerto, así que non fago da crítica lei. ¿Hai algúen por aí que nolo poida contar?

De por parte, Agustín Fernández Paz aparece como o autor de portada – nunha foto magnífica de Manuel Vicente– de *L'Illa*, a revista de novidades de Bromera (pódese consultar enteiriña na [web](#) da editora). Xa teño contado que esa editorial de Valencia publica unha porcentaxe elevadísima de traducións do galego ao catalán (ou ao valenciano, vaia, que me fago un lío coa legalidade e o conflito normativo). Bromera segue a ser hoxe unha desas poucas editoras que apostan desde fóra por escritores galegos, non en van entre as súas novidades do inverno está a versión de *Fantasmes al passadís*. E este é só un dos varios títulos traducidos do escritor vigués que apareceron este ano en catalán, que entre novidades e reedicións, sumou un total oito títulos, algún deles xa a comentamos nun sumario anterior. E ollo que non todos están (só) en Bromera. Aparecen tamén en Edicions del Pirata, Cruïlla, Círculo de Lectores e Edebé.

Hai quince anos apareceu en catalán *Les flors radiactives* (1990) e agora celébranselle os quince anos cunha reedición que ocupa a primeira liña das novidades de Bromera. De aí a portada da revista, o perfil biobibliográfico de Gemma Lluch e mais unha nota que pecha a revista. Esta, asinada por Marc Candela, ofrece unha lectura actualizada de *Les flors radiactives*: "lendo este libro non podemos deixar de lembrar constantemente a catástrofe do Prestige...".

Bótase de ver que Galicia nesta beira ten esta tempada cara de señor, artista e fronte, digamos, ampla. Non se lles pida ademais sex-appeal, que ocupar escaparate fóra, como se comproba, non é tan doado nin todo son rosas e caraveis. Ben, dentro tampouco.

Carlos Núñez.

Intérpretes: Carlos Núñez (flautas, gaitas); Pancho Álvarez (bouzouki); Paloma Trigas (violín); Begoña Riobó (violín, pandeireta, voz); Xurxo Núñez (percusións, teclado)
VII Festival del Mil · Ienni
Palau de la Música Catalana | 21/ 12/ 2005

Agustín Fernández Paz

Fantasmés al passadís

Trad. ao catalán de Maria Grau i Saló

Alzira: Bromera | 2005 e Barcelona: Edicions de Pirata | 2005

La fugida del mar

Trad. ao catalán de Maria Viu

Alzira: Bromera | 2005

28/12/2005 © Helena González

COMENTARIOS:

Hai 5 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❖ [VII Concurso de Música e Baile Tradicional Galego en Catalunya](#)
- ❖ [Reiníciase as entregas do Itinerario 'Barcelona na literatura galega'](#)
- ❖ [Álvaro Cuqueiro: 'Rondeau en louvor d-unha dona catalana'](#)
- ❖ [O tradutor ao catalán de Teresa Moure: 'O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar'](#)
- ❖ [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- ❖ [A reportaxe "Mexillóns, dornas e unha gaita" do Canal 33 xa se pode ver na rede](#)
- ❖ [Benaventurados os fillos de Don Quixote](#)
- ❖ ['Viaxes' de David Pintor en Sargadelos Barcelona](#)
- ❖ [Unha boa escolma da pintura figurativa](#)
- ❖ [Obrigadísimo, Quico&Narf](#)